



asociación de  
**escritoras  
escritores**  
en lingua galega  
[www.aelg.gal](http://www.aelg.gal)

# INFORME DE RESULTADOS 2021



Deputación  
DA CORUÑA

**CEDRO**

CENTRO ESPAÑOL DE DERECHOS  
REPROGRÁFICOS

Realiza:



Asociación de Escritoras e Escritores  
en Lingua Galega

<b>Introdución</b> .....	<b>4</b>
<b>PRINCIPAIS RESULTADOS</b> .....	<b>5</b>
<b>Caracterización demográfica</b> .....	<b>5</b>
<b>Perfil profesional</b> .....	<b>5</b>
Traxectoria e dedicación á escritura .....	5
Situación económica .....	5
Tradución .....	5
<b>Traxectoria</b> .....	<b>5</b>
Obras publicadas .....	5
Traxectoria recente.....	6
Premios .....	6
Venda de dereitos de tradución .....	6
Formato de publicación .....	6
<b>Impacto da pandemia</b> .....	<b>6</b>
<b>Visibilidade e apoio</b> .....	<b>7</b>
Visibilidade social.....	7
Apoio institucional .....	7
Relación dos e das escritoras co ensino .....	7
<b>Percepcións e valoracións</b> .....	<b>7</b>
O Día das Letras Galegas .....	7
O Panteón de Galegos Ilustres.....	7
As Feiras do Libro.....	7
<b>RESULTADOS DETALLADOS</b> .....	<b>8</b>
<b>Caracterización socio-demográfica</b> .....	<b>8</b>
<b>Perfil profesional</b> .....	<b>9</b>
Traxectoria e dedicación á escritura .....	9
Situación económica .....	10
Tradución .....	13
<b>Traxectoria</b> .....	<b>15</b>
Obras publicadas .....	15

Traxectoria recente.....	17
Premios .....	18
Venda de dereitos de tradución .....	21
Formato de publicación .....	22
<b>Impacto da pandemia .....</b>	<b>23</b>
COVID-19.....	23
<b>Visibilidade e apoio.....</b>	<b>25</b>
Visibilidade social.....	25
Apoio institucional .....	27
Relación das e dos escritores co ensino .....	30
<b>Percepcións e valoracións .....</b>	<b>31</b>
O Día das Letras Galegas .....	32
O Panteón de Galegos Ilustres.....	34
As Feiras do libro en Galicia.....	35
<b>REFLEXIÓNS E CONCLUSIÓNS ACERCA DO SECTOR.....</b>	<b>37</b>
<b>FICHA TÉCNICA.....</b>	<b>40</b>
Enquisa.....	40

## Introdución

Co obxectivo de seguir avanzando na elaboración e preparación do Libro Branco, deseñouse e realizouse unha segunda fase de investigación tanto cuantitativa como cualitativa. O traballo de campo levouse a cabo, por un lado, mediante enquisas, ferramenta que permite extraer unha información detallada e estandarizada entre todas as persoas participantes, o que permite a súa comparativa entre casos e mesmo entre as distintas dimensións analizadas. Por outro lado, tamén se realizaron unha serie de entrevistas que permitiron afondar máis nalgunhas cuestións e que, a enquisa, por ser un instrumento máis dirixido e pechado, non o fai posible.

Nesta ocasión, alén de afondar máis na situación económica e profesional das escritoras e escritores en lingua galega, arredor de aspectos como os traballos complementarios ou as convocatorias de premios literarios, auméntase a recollida de datos arredor da visibilidade e promoción do sector. Tamén se toma o pulso a opinión sobre distintas institucións relacionadas coa literatura en galego, que cumpren un papel fundamental na súa difusión cara ao público.

Co obxectivo de presentar, non só unha radiografía da situación, senón tamén un documento con iniciativas e proposicións, inclúense unha serie de cuestións na que as persoas participantes no estudo poden expresar as súas propostas e ideas de mellora en distintos asuntos.

Inicialmente, preséntase de forma breve e concisa os resultados, de forma que se poidan consultar de forma sinxela e eficiente, para despois pasar a unha descrición detallada de cada dimensión contemplada tanto no cuestionario como nas entrevistas. Para rematar, inclúense unhas reflexións e conclusións finais sobre a situación e o futuro da literatura en galego.

## Principais resultados

Neste apartado, como síntese, exporemos os resultados máis relevantes da enquisa levada a cabo.

### Caracterización demográfica.

O conxunto de persoas asociadas na AELG conta cunha alta proporción de homes: 62%, por un 36% de mulleres, e un 2% con outras identidades de xénero. A media de idade é relativamente elevada, como indica a alta proporción de xubilados/as ou pensionistas (26,7%). A idade, neste caso, conta cunhas diferenzas notables entre xéneros: o 59,7% dos homes ten máis de 55 anos, mentres que as mulleres deixan esta proporción no 36,1%. Nove de cada dez contan con estudos universitarios.

### Perfil profesional

#### Traxectoria e dedicación á escrita

A pesar de ser unha poboación con moitos anos de experiencia (case tres de cada catro levan máis de 15 anos) no ámbito, a dedicación exclusiva a produción literaria é escasa (16%), e a meirande parte escribe durante o seu tempo libre.

#### Situación económica

Sendo para a maioría dos profesionais un traballo tan irregular, non é de estrañar que soamente un 18% deles ingresase máis de 1.000€ durante o ano 2020. De feito, soamente o 5% recibiu o 100% dos seus ingresos durante o 2020 do traballo literario, fronte a un 84,8% que di que o ingresado por esta actividade supón menos dun 10% do xerado nese período.

Esta variable semella estar moi influenciada polas variables de interese: no caso da idade, a proporción de ingresos crece notablemente a partir dos 45 anos; no dos xéneros literarios, aparecen o teatro e o ensaio como os mellores xeradores de ingresos totais (aínda que o máis consistente é a literatura infanto-xuvenil). Por último, obsérvase entre as mulleres unha menor remuneración relativa en comparación cos homes.

#### Tradución

Os traballos de tradución, aínda que habitualmente relacionados coa esfera da produción literaria, parecen un recurso máis ben ocasional para soamente unha cuarta parte das persoas asociadas, mentres que o resto nunca desenvolveu esta actividade. A maioría dos traballos son de tradución directa, sobre todo en castelán, portugués e inglés, mediante editoriais galegas principal ou exclusivamente. Case na metade das ocasións estes traballos realízanse sen a firma dun contrato, e cando se fai, a metade os escritores e escritoras recoñecen que a inclusión de cláusulas abusivas é frecuente.

### Traxectoria

#### Obras publicadas

A pesar da escaseza de remuneración económica, a produción literaria dos escritores e escritoras galegas é relativamente prolífica, pois case a metade das persoas asociadas conta con

máis de 10 obras publicadas. O xénero máis prolífico é a LIX, que con case 15 obras de media duplica a narrativa xeral, a pesar de que esta última ten un maior número de persoas dedicándose a súa escrita. Pola outra banda, o teatro ou a poesía son os xéneros con menos produción media, aínda que a poesía segue a ser moi popular entre os escritores e escritoras.

#### Traxectoria recente

A pesar do impacto da pandemia, máis dun 75% publicou algunha obra entre os anos 2020 e 2021. A pesar de que se menciona unha alta variedade de editoriais (45), as grandes compañías como Xerais ou Galaxia seguen a concentrar unha parte importante da produción literaria.

#### Premios

A participación dos escritores e escritoras asociadas á AELG en premios literarios parece unha práctica moi estendida: ata un 58% recibiu algún. Segundo o xénero literario, os escritores e escritoras de teatro, LIX e narrativa teñen unha maior probabilidade de participar nestes certames, sendo a narrativa e a poesía os xéneros máis ligados ao recibimento de premios. A maioría dos participantes non expresa unha opinión clara sobre a que tipo institución prefiren para presentarse ás convocatorias, pero entre os que si o fan, destacan as administracións públicas.

#### Venda de dereitos de tradución

A cantidade de vendas de dereitos descendeu notablemente no último ano, de feito, soamente o fixo o 9% dos escritores e escritoras (1 de cada 7 obras, aprox.). Os idiomas aos que son traducidas as obras non teñen unha gran variedade: castelán, portugués, catalán e inglés. A experiencia e o prestixio do autor ou autora parece ter unha influencia notable á hora de ter a súa obra publicada, sendo máis habitual entre os de máis idade. Entre xéneros literarios, a literatura infanto-xuvenil parece ser a máis popular fóra do mercado galego.

#### Formato de publicación

A pesar da situación xerada polo virus da COVID-19, case tres de cada catro autoras e autores din non notar un incremento notable na publicación de contido en formato dixital nestes últimos anos. De feito, soamente un 9% afirma que algunha das editoriais coas que traballa ofreceu os seus traballos en formato dixital de forma gratuíta (unha medida estendida durante o confinamento no 2020).

#### Impacto da pandemia

A parte da produción literaria máis afectada polas circunstancias extraordinarias xeradas polo virus da COVID-19 foron as actividades de promoción, sobre todo, as presentacións e as firmas de libros, aínda que a diminución no ritmo de celebración de eventos foi xeral. A metade dos escritores e escritoras declaran un cambio na cantidade de tempo dedicado ao proceso creativo, con porcentaxes similares entre os que a aumentaron (29%) e os que a viron diminuír (26%), sendo estes últimos, en maior proporción, mulleres e persoas entre 36 e 55 anos.

Pola contra, a suspensión de contratos por motivos da pandemia foi “só” do 9%, aínda que máis da metade viron as súas publicacións demoradas.

## Visibilidade e apoio

### Visibilidade social

Existe un gran consenso en valorar negativamente a visibilidade que teñen as escritoras e escritores na sociedade galega. Os ámbitos onde este labor se realiza máis satisfactoriamente son, segundo as persoas enquisadas, o escolar e as redes de bibliotecas. A prensa estatal recibe unha valoración especialmente negativa (o 46% valóraa como “inexistente”), seguida da prensa en galego.

### Apoio institucional

Soamente un 19% afirma ter recibido algunha vez unha axuda de tipo económico das institucións públicas. Porén, case unha de cada tres persoas que non recibe axudas di non facelo por descoñecemento das súas convocatorias. Entre as institucións valoradas, as que mellor puntuación recibe son das Deputacións, seguidas dos Concellos, mentres que o Goberno de España e a Xunta de Galicia quedan nos postos máis negativos.

### Relación dos e das escritores co ensino

A relación co ámbito escolar non é percibida especialmente ben, aínda que o 37% a cualifica como mellorábel. Analizando as propostas escollidas, semella que as opcións máis valoradas son as de aumentar, de forma estratéxica e planificada, a presenza non só dos escritores e escritoras e as súas obras, senón tamén de editoriais e librarías que axuden na promoción da literatura galega.

## Percepcións e valoracións

### O Día das Letras Galegas

O modelo de celebración do día das letras galegas é insatisfactorio para unha ampla maioría dos escritores e escritoras. Entre os cambios expostos en relación á selección de autores/as homenaxeados/as, destaca a proposta de abrir o proceso de selección a distintas institucións e colectivos. Cabe salientarmos tamén, nas respostas achegadas polas persoas enquisadas, a de derrogar a cláusula relativa aos anos necesarios dende o deceso para optar á candidatura. En canto a organización formal, a transformación a día laborable como forma de promocionar o sistema literario galego cobra forza, así como tamén a apertura a asociacións e institucións para propoñer e realizar un maior número de actividades.

### O Panteón de Galegos Ilustres

A situación do Panteón de Galegos Ilustres non presenta un nivel de acordo tan grande como a cuestión do Día das Letras Galegas. Porén, a un 38% das escritoras e escritores non lle parece adecuada a súa situación, e avogan por panteón laico, público e aberto.

### As Feiras do Libro



A opinión ao respecto das Feiras do libro é bastante crítica. A metade dos casos non está conforme coa súa organización, principalmente pola sensación de terse quedado atrás, reclamando máis actividades e dinamismo para conseguir atraer a máis público.

## Resultados detallados

### Caracterización socio-demográfica

Nesta segunda fase da enquisa o número de respostas obtidas foi lixeiramente inferior ao recollido en 2020, mais a súa distribución socio-demográfica mantense moi semellante posto que segue a haber unha clara predominancia masculina (preto de dous terzos dos asociados e asociadas son varóns).

A distribución por idade segue a amosar unha base societaria madura, na que a metade das e dos asociados superan os 55 anos. En concreto, a idade media sitúase nos 56 anos. Parece, en todo caso, que hai un maior envellecemento entre os escritores varóns, que presentan unha media de idade de 58 anos, 5 anos superior á das mulleres.




O perfil formativo predominante é o das persoas con titulación superior (en nove de cada 10 casos), mentres que a presenza de persoas cun nivel formativo inferior á educación secundaria é case anecdótico (2%).


Pola súa parte, a estrutura de idade relativamente envellecida implica unha elevada proporción de escritoras e escritores pensionistas (unha cuarta parte do total), especialmente, no caso dos varóns (case o 32%, polo 19% das mulleres). En consecuencia, hai unha maior porcentaxe de mulleres ocupadas, tanto por conta allea como por conta propia.



Gráfica 3



Gráfica 4




## Perfil profesional

### Traxectoria e dedicación á escrita

De acordo coa estrutura etaria da asociación, a inmensa maioría das persoas asociadas teñen unha longa traxectoria na profesión, posto que dúas terceiras partes afirman levar escribindo desde hai máis de 20 anos. No sentido oposto, só o 15% indica un inicio na escrita posterior a 2011 (traxectoria inferior a dez anos).


Gráfica 5



Porén, a pesar da ampla experiencia, non se pode falar de dedicación profesional nun sentido estrito ou, polo menos, non se pode identificar a modalidade de escrita practicada cunha profesión laboral remunerada: tan só o 16% das persoas que responderon a esta enquisa teñen dedicación completa á escrita. De feito, o 75% ten outro emprego a tempo completo, polo que a súa dedicación horaria ao labor literario límitase ao seu tempo libre. Unha vez superada a idade de xubilación, esta distribución invértese de tal maneira que case dúas de cada tres persoas maiores de 65 anos teñen dedicación completa.

Máis en concreto, só o 6% das persoas en idade laboral teñen dedicación completa, polo que a conclusión é obvia: a literatura en lingua galega é unha actividade profesional precaria e resulta case imposible manterse economicamente cos ingresos que proporciona, tal e como se observará a continuación.

Gráfica 6




#### Situación económica

Así, a profesión de escritor ou escritora non é, para a meirande parte da mostra entrevistada, a súa única ocupación profesional e, ademais, resulta escasamente lucrativa: tan só o 6% obtivo durante o ano 2020 máis de 5.000 euros brutos pola autoría das súas obras.

Gráfica 7

Ingresos brutos en 2020 pola autoría das súas obras (%)



As principais diferenzas existentes a este respecto teñen que ver coa idade e co xénero traballado. En primeiro lugar, a maior idade, maior porcentaxe de persoas que ingresaron máis de 5.000€, de tal maneira que non se rexistra ningún caso de persoas menores de 45 anos que recibisen dita cantidade no pasado 2020.

Con respecto ao xénero cultivado, as persoas que publican ensaio ou teatro son as que ingresaron, en maior proporción cifras superiores aos 5.000€<sup>1</sup>. En calquera caso, destaca tamén que as persoas que escriben literatura infantil e xuvenil teñen, comparativamente, un maior nivel de ingresos anuais que as que escriben narrativa ou poesía, por exemplo. De tal maneira, case 8 de cada 10 autoras e autores destes dous xéneros ingresaron menos de 1.000€ en 2020, mentres que no caso da LIX, esta cifra foi “só” do 62%.

Táboa 1  
Ingresos brutos pola autoría das súas obras en 2020 segundo xénero cultivado (%)


	De 0 a 1.000€	De 1.000€ a 5.000€	Máis de 5.000€
Poesía	78,8%	15,4%	5,8%
Narrativa	78,0%	15,3%	6,8%
LIX	62,2%	29,7%	8,1%
Ensaio	79,1%	9,3%	11,6%
Teatro	62,5%	18,8%	18,8%
Académicas	81,8%	12,1%	6,1%
Outros	66,7%	25,0%	8,3%
Total	81,8%	12,1%	6,1%

A situación económica das e dos profesionais do sector é, tal e como estamos apuntando, moi precaria, de tal maneira que unha de cada tres persoas non ingresou nada durante o 2020 como consecuencia da súa actividade literaria, e máis da metade (51%) obtivo menos do 10% dos seus ingresos totais do seu labor na escrita. Sitúase, tal e como se indicou previamente, arredor do

<sup>1</sup> O número de casos de persoas que publican teatro implica que estas porcentaxes poden estar relativamente desvirtuadas, polo que habería que ser cauteloso con estas afirmacións.

5% as persoas que se dedican de maneira exclusiva á escrita e que, polo tanto, obtiveron a súa totalidade de ingresos desta actividade.

Gráfica 8



Hai, ademais, lixeiras diferenzas en función de dúas variables de interese. Así, en primeiro lugar, o número total de escritoras non só é inferior ao dos varóns, senón que tamén presentan unha actividade menos “profesionalizada” (polo menos, en canto a ingresos): case o 10% dos escritores obtiveron máis do 50% dos seus ingresos totais como consecuencia da escrita, cifra que non chega ao 3% no caso das mulleres.

Por outra banda, só o 6% das persoas que se dedican á literatura infantil e xuvenil non recibiron ningún ingreso polo seu traballo literario, porcentaxe que se incrementa de maneira substancial noutros xéneros, como por exemplo, a narrativa (22%), o teatro (33%) e a poesía (34%).

Táboa 2


Dos seus ingresos totais no último ano, que porcentaxe procedeu da autoría das súas obras ou da súa actividade literaria escrita ou presencial? (%)

	Nada (0%)	Menos do 10%	Entre o 10% e o 50%	Entre o 50% e o 99%	Todo (o 100%)
<i>Home</i>	32,3%	54,8%	3,2%	3,2%	6,5%
<i>Muller</i>	35,3%	50,0%	11,8%	0,0%	2,9%
<i>Poesía</i>	34,0%	48,0%	12,0%	0,0%	6,0%
<i>Narrativa</i>	22,4%	60,3%	12,1%	1,7%	3,4%
<i>LIX</i>	5,7%	65,7%	20,0%	2,9%	5,7%
<i>Ensaio</i>	23,8%	57,1%	14,3%	4,8%	0,0%
<i>Teatro</i>	33,3%	53,3%	6,7%	6,7%	0,0%
<i>Académicas</i>	29,0%	64,5%	6,5%	0,0%	0,0%
<i>Outros</i>	27,3%	36,4%	18,2%	0,0%	18,2%
<b>Total</b>	<b>33,3%</b>	<b>51,5%</b>	<b>8,1%</b>	<b>2,0%</b>	<b>5,1%</b>

## Tradución


Tal e como se indicou, a escrita non é unha actividade que permita a subsistencia económica por si mesma, polo que resulta necesario desenvolver outro tipo de traballos de maneira paralela. Neste caso, a tradución é un dos traballos complementarios a publicación de obras literarias que adoita relacionarse co labor literario. Porén, trátase dunha actividade totalmente secundaria. Soamente o 1% se dedica a facelo de forma continuada e, de feito, ningunha das persoas enquisadas di dedicarse á tradución de forma exclusiva ou maioritaria. Os autores e as autoras galegas describen a proporción do seu traballo de tradución como “anecdótico” ou “ocasional”, salvo algún caso cunha frecuencia maior no pasado. Unha gran parte deste labor desenvólvese en editoriais galegas, exclusiva ou maioritariamente no 65,4% dos casos. Ademais dos escritores e escritoras que traballan con empresas galegas e de fóra por igual, os que soamente o fan con estas últimas chegan a representar un 11%.

Gráfica 9




Gráfica 10

Editoras coas que traballa (%)



A lingua de traballo máis habitual entre os autores e autoras de lingua galega é o castelán, algo de esperar dada a convivencia co noso idioma no territorio. En segundo lugar, aparece o portugués, un idioma e unha cultura historicamente ligada a Galicia, o que explicaría a cantidade de obras traducidas por profesionais da escrita en galego. O idioma do país veciño aparece por riba do inglés, a pesar de ser o terceiro idioma máis estendido no mundo. O resto do conxunto de linguas nas que se realizan traballos de tradución son na maioría outras linguas europeas, como o alemán, italiano ou francés.


Gráfica 11



Dentro deste labor, a tradución exclusivamente directa (dun idioma distinto ao materno) é a máis practicada (59%), mentres que só o 41% combina esta modalidade coa tradución inversa (da lingua vernácula a unha estranxeira). Estas cifras teñen coherencia, dada a maior facilidade e adecuación da tradución dun texto ao idioma que mellor se domina. Ademais das tarefas de tradución, ata un 54% das persoas enquisadas leva a cabo traballos de revisión lingüística, unha práctica notablemente menos estendida que a primeira.


Gráfica 12

Fai traballos de revisión lingüística? (%)



Gráfica 13


Tipo de tradución (%)



Á hora de formalizar as condicións nas que se levarán a cabo as tarefas de tradución, soamente un 52% das escritoras e escritores di asinar un contrato habitualmente. O que si é máis frecuente, neste caso, é a obtención de asesoramento no caso de asinar (83%), aínda que a maioría pensa coñecer ben os seus dereitos (90%). Entre as dúbidas no proceso contractual, moitas das respostas son xenéricas, afirmando que son moitos os aspectos que se escapan ao seu coñecemento (dereitos intelectuais, tempos de cesión, ou dereitos noutras linguas, por exemplo).

Gráfica 14

En relación ao seu traballo como tradutor/a...




Destaca, por elevada, a porcentaxe de casos que afirman terse atopado con cláusulas abusivas no proceso contractual, e soamente un 17% afirma non haberse enfrontado a esta situación. A meirande parte das escritoras e escritores decide, neste punto, negociar dalgunha maneira os termos, xa sexa mediante un mediador, como no caso dun avogado, ou por eles mesmos. A pesar da alta presenza de cláusulas inxustas nos contratos, a relación coas editoriais respecto a tradución parece favorable, e en todos os casos as persoas enquisadas afirman recibir as galeradas para a súa aprobación, e case todos (96,3%) ven respectado o seu criterio á hora de non aceptar cambios inxustificadas na edición final.

Gráfica 15

Na descrición das tarefas de tradución non existe un consenso claro, e moitas autores e autoras descríbena como “tediosa” ou “difícil”, tamén hai quen afirma que é necesaria e unha boa experiencia. Tamén a describen como un proceso minucioso e intenso, cunha supervisión notable por parte das editoriais.

Atopa con frecuencia cláusulas de tipo abusivo? (%)




## Traxectoria

### Obras publicadas

En calquera caso, a pesar de non ser a principal actividade económica, o conxunto de asociadas e asociados si que son relativamente prolíficos na produción literaria, posto que a media de obras propias publicadas polas persoas que responderon a esta fase da enquisa é de 17, dato ao que hai que engadir que case a metade das persoas asociadas publicaron máis de 10 obras ao longo da súa traxectoria. En oposición, a porcentaxe de persoas con apenas unha ou dúas obras publicadas é moi limitada (6%).


Gráfica 16

Cantidade de obras publicadas (%)



Segundo os xéneros literarios, o maior volume medio de obras publicadas dáse na chamada Literatura Infantil e Xuvenil con case 15 obras, cifra que duplica á narrativa en xeral. A poesía e, sobre todo, o teatro, son os xéneros cun menor número de obras rexistradas<sup>2</sup>.


Gráfica 17



O elevado número de obras infanto-xuvenís publicadas non se corresponde cun maior número de autoras ou autores dedicados a este xénero, xa que só o 35% das persoas entrevistadas publicaron unha obra destas características. Isto implica, pois, que as escritoras e escritores de literatura infantil e xuvenil son moito máis prolíficos que o de resto de xéneros. A narrativa, pola súa parte, é o xénero cultivado por un maior número de persoas, xa que máis da metade do colectivo ten publicado algunha novela (56%). A continuación en volume de respostas, o 50% das e dos enquisados teñen publicado algún libro de poesía ao longo da súa traxectoria.

Parece, pois, que se pode sintetizar a literatura en galego como un espazo maioritario para a literatura infanto-xuvenil e a narrativa, polo menos en canto a volume de obras publicadas.

Gráfica 18




Nota: As porcentaxes suman máis do 100% porque as persoas podían responder a varias opcións.

<sup>2</sup> Estas cifras refírense ás persoas que teñen publicado nalgún dos xéneros mencionados. É dicir, as persoas que publicaron narrativa, publican unha media de 7,2 obras. Non se contan, polo tanto, as persoas que non traballan ese xénero en concreto.



Porén, reducir a un único xénero ás autoras e aos autores non resulta doado non se trata tampouco dun exercicio realmente útil, posto que a gran maioría non se limita a unha única modalidade creativa debido a que os xéneros son, en última instancia, unha mera ferramenta ou diferentes vehículos para a transmisión literaria. En calquera caso, menos do 30% da mostra escribe obras dun único xénero, sendo a poesía a modalidade “exclusiva” máis mencionada.


Gráfica 19



#### Traxectoria recente

Con respecto á traxectoria recente, resulta unha boa nova que máis do 75% publicou algunha obra entre os anos 2020 e 2021. É dicir, a pesar da pandemia, o sector estase a mover e continúa cun ritmo razoable de obras publicadas. Hai que ter en consideración, con todo, que hai unha sensible diferenza entre as mulleres e os homes, posto que o volume de publicacións de escritores varóns foi, nos últimos dous anos, superior en 10 puntos porcentuais á das escritoras.

Gráfica 20



As principais editoriais coas que as persoas asociadas á AELG publicaron a súa última obra son, como é habitual, Xerais e Galaxia, que concentran case o 22% das publicacións mencionadas,

especialmente no ano 2021. Outras editoriais mencionadas en varias ocasións foron Baía, Medulia, Toxosoutos ou Espiral Maior. Hai, en calquera caso, unha alta variedade editorial, posto que se mencionaron ata 45 editoriais diferentes.

Táboa 3

Editoriais nas que publicou a súa última obra


Edicións Xerais	17,6%
Editorial Galaxia	14,3%
Baía Edicións	5,5%
Medulia	4,4%
Espiral Maior	3,3%
Toxosoutos	3,3%
Alvarellos Editora	2,2%
Através Editora	2,2%
Catro ventos	2,2%
Cuarto de Inverno	2,2%
Edicións Embora	2,2%
Edicións Ferenza	2,2%
Hércules de Ediciones	2,2%
Urutau	2,2%
Outras 31 respostas	1,1%

### Premios

A participación nos premios literarios é unha práctica moi estendida entre os escritores e as escritoras galegas, sendo tan só dun 13% a proporción dos que nunca presentaron unha candidatura. De feito, case tres de cada catro (74%) fíxoo varias veces durante a súa carreira, e ata un 78% recibiu, polo menos, unha vez un premio literario.


Gráfica 21

Presentou algunha vez algunha das súas obras á convocatoria dalgún premio literario? (%)



Gráfica 22

Recibiu algunha vez un premio literario? (%)




Atendendo aos xéneros literarios publicados polas persoas enquisadas, aparecen lixeiras diferenzas que merecen atención: as escritoras e os escritores que publican poesía e ensaio

teñen menos probabilidade de terse presentado a algunha convocatoria deste tipo, chegando case ao 10% (9,4 e 9,3% respectivamente) a cantidade de persoas que publican este tipo de producións literarias que *nunca* se presentaron a algunha convocatoria. Por outra banda, os que producen literatura infanto-xuvenil ou narrativa son máis propensos a participar nestes premios, sendo preto do 90% (89,2% e 88,1%, respectivamente) a proporción de autoras e autores que se presentou xa en varias ocasións. Destaca, sobre todo, a baixa porcentaxe de persoas que publican narrativa que *nunca* se presentaron a un premio, tan só o 1,7%. En consonancia coa alta participación que recollen estes eventos, a cantidade de motivos para a *non participación* recollidos son poucos, e pódense reducir a unha falta de interese polos premios, por problemas de calendario, ou de material dispoñible.

A metade dos profesionais da produción literaria non fan unha distinción clara á hora de escoller a que tipo de convocatoria presentan as súas obras. Entre os que si a fan, as convocadas pola administración pública son as máis escollidas, mentres que a porcentaxe de autoras/es que se presentan con máis asiduidade as convocatorias de entidades privadas mercantís só chegan ao 5%. Mentres que estes últimos non se poñen de acordo nos motivos para escoller este tipo de premios, os que prefiren as ONGs valoran a súa “neutralidade” e imparcialidade. Entre os motivos para presentar obras só en convocatorias da administración pública tampouco hai un gran consenso, pero destacan os motivos de prestixio e visibilidade. Como é de esperar, entre as persoas que non mostran unha preferencia determinada crece tamén unha certa indiferenza á hora de citar o motivo.

Gráfica 23

En cal das tipoloxías de convocatorias adoita presentar máis obras literarias? (%)



A publicación das obras premiadas e a non conservación dos materiais orixinais parecen as prácticas máis estendidas nos certames literarios. É unha opinión común entre as autoras e os autores a valoración da contía recibida como un *avance nos dereitos de autoría*; porén, tamén é unha das opinións máis debatidas, e ata un 32,5% pensa que isto non ocorre *nunca* ou *poucas veces*. Semella non estar suficientemente xeneralizada a publicación, nas bases do premio, das condicións de publicación, algo que probablemente daría confianza e impulsaría a participación. Neste sentido, cabe pensar que a flexibilidade á hora de presentar os traballos de forma telemática e o pago dos viaxes e estancias derivadas da participación poderían, tamén,

aumentar e facilitar a participación. Con todo, á vista das porcentaxes de participación, non parece que as entidades encargadas de convocar os premios teñan un grande incentivo en mellorar estes aspectos, xa que a asistencia de autores e autoras parece garantida.

Táboa 4

Frecuencia das condicións nos premios literarios

	Nunca	Poucas veces	Máis ou menos a metade das veces	Bastantes veces	Todas as veces
<i>O premio implica a publicación das obras premiadas</i>	2,5%	6,3%	3,8%	32,5%	55,0%
<i>A organización comprométese a non conservar os orixinais</i>	7,2%	17,4%	7,2%	27,5%	40,6%
<i>A cantidade a percibir pola obtención do galardón convértese nun avance de dereitos de autoría</i>	11,7%	20,8%	6,5%	24,7%	36,4%
<i>A rotación anual dos membros do xurado do premio</i>	3,4%	27,1%	15,3%	32,2%	22,0%
<i>Nas bases do premio indícase a editorial no que se publicará e o contrato establecido</i>	11,7%	19,5%	14,3%	35,1%	19,5%
<i>A publicación da obra faise de xeito non venal</i>	51,7%	36,7%	3,3%	5,0%	3,3%
<i>A entidade convocante faise cargo das viaxes e aloxamentos das/os autoras/es premiadas/os</i>	76,7%	18,3%	0,0%	3,3%	1,7%
<i>Os orixinais poden presentarse de xeito telemático</i>	18,8%	55,1%	8,7%	15,9%	1,4%

A parte cualitativa deste estudo tamén avala que a meirande parte das escritoras e dos escritores en lingua galega participaron de premios literarios sendo, en moitos casos, gañadores nalgunha, ou en varias, ocasións. Ademais, moitas destas persoas foron tamén membros de xurados, polo que poden dar unha visión máis completa de todo o proceso.

En xeral, refírense que a experiencia foi positiva. Consideran que os premios permiten que moitas obras vexan a luz, obras que doutra maneira sería imposible que se publicasen. Neste senso, hai unha tendencia a considerar que aos premios deberían presentarse escritoras e escritores que estean a comezar a súa produción, e non persoas cunha carreira xa consolidada.

A cantidade de premios que existen actualmente no país é ampla, e de feito, hai quen indica que incluso pode ser excesiva, mais non é a afirmación máis estendida. Con todo, si hai un gran consenso á hora de establecer unha serie de criterios ou boas prácticas que deberían estar presentes en todos os premios. En resumo, estas prácticas serían as seguintes:

- Todos os premios deben levar aparellada a publicación e a difusión da obra, evitando os abusos das editoriais neste tipo de cuestións.
- Os premios económicos deben estar sempre presentes e ser dignos; non se poden limitar a un diploma ou a un trofeo. Así mesmo, as dotacións económicas non poden ir reducíndose, tal e como está a suceder en moitos casos. Son, principalmente, as administracións públicas as responsables de manter, e aumentar se é posible, estes orzamentos.

- Non se debería limitar en exceso a temática esixida para presentarse.
- Garantir o anonimato, especialmente entre os membros do xurado, a fin de evitar calquera tipo de preferencias ou favoritismos.
- Os xurados non poden ser sempre os mesmos; deben ir variando, sendo heteroxéneos, atendendo a criterios de sexo, idade, coñecementos contrastados do que se avalíe, etc. É dicir, presuponse unha absoluta obxectividade, neutralidade e profesionalidade.
- As persoas que formen parte dun xurado deben ter unha remuneración axeitada ao seu traballo e dedicación.
- Se non se presenta ningunha obra que cumpra os estándares de calidade o premio debe quedar deserto, e non outorgalo por mor de outros criterios, como os editoriais.
- Hai que valorar a calidade literaria das obras, con independencia da súa capacidade comercial.

#### Venda de dereitos de tradución

Aínda que na enquisa previa o 70% das e dos escritores en lingua galega tiñan algunha das súas obras traducidas a outros idiomas, esta cifra é moito menor se o limitamos ás vendas de dereitos no último ano. Así, só o 9% vendeu dereitos de tradución dalgunha das súas obras no ano 2021. Tendo en conta estes datos e o número de obras publicadas recentemente, estímase que por cada 7 obras publicadas en galego, só unha é traducida (ou vendidos os seus dereitos de tradución). Este dato ilustra a limitada proxección da literatura en galego de cara aos mercados de fóra de Galicia.

Outro dato relevante ao respecto é saber a que idiomas se traducirán estas obras e, neste caso, a diversidade é limitada, posto que os idiomas polos que se asinou a venda dos dereitos son o castelán, o portugués, o catalán e o inglés, todos na mesma proporción.

En calquera caso, son as persoas de máis idade as que venderon, en moita maior porcentaxe, estes dereitos. Obviamente, a idade non debería ser o factor clave para dita venda, polo que se conclúe que se trata de autoras e autores máis asentados e con maior sona no mundo literario. É dicir, parece que as traducións a outros idiomas gardan máis relación co nome do autor que coa calidade ou co valor da propia obra, cuestión que parece indicar un mercado da tradución eminentemente conservador e pouco dado ás apostas innovadoras.

Táboa 5  
Vendeu dereitos de tradución de obras no último ano?


	Non	Si
35 anos ou menos	100,0%	0,0%
36-45 anos	94,4%	5,6%
46-55 anos	92,3%	7,7%
56-65 anos	87,1%	12,9%
Máis de 65 anos	88,2%	11,8%



En xeral, as persoas que escriben literatura infanto-xuvenil lograron, en maior proporción, vender os seus dereitos de tradución (o 24% das e dos autores de LIX), fronte ás persoas que cultivan outros xéneros (por exemplo, só o 10% das persoas que escriben narrativa). Aínda que, como vimos, non se pode falar estritamente de “escritores de narrativa” ou de “escritores de LIX”, esta comparación dá conta de cales parecen ser as obras de maior difusión potencial fóra do mercado galego.


Gráfica 24

Vendeu dereitos de tradución das súas obras no último ano? (%)



Gráfica 25

Dereitos de tradución vendidos segundo xénero cultivado (%)




### Formato de publicación

Respecto aos formatos de publicación, o formato físico segue a ser amplamente maioritario, xa que o número medio de obras publicadas en formato dixital sitúase preto do 3. Sería ata certo punto lóxico pensar que nos últimos dous anos, por mor da pandemia, a publicación dixital tería aumentado sensiblemente, mais a percepción maioritaria é que apenas se notou este incremento (o 72% indica que este tipo de formato aumento pouco ou nada nestes anos).

Gráfica 26


Aumentou a publicación dixital por mor da pandemia? (%)



Precisamente no contexto da pandemia houbo no Estado diferentes iniciativas por parte de distintas editoriais para ofrecer de maneira gratuíta o seu catálogo de obras co obxecto de facer máis ameno o confinamento. No caso galego, só o 9% das e dos autores indicaron que algunha das editoriais coas que traballan ofreceron as súas obras en formato dixital de maneira gratuíta.

Gráfica 27

Ofrecese algunha das editoriais a distribuír gratis exemplares electrónicos das súas obras durante a pandemia? (%)




## Impacto da pandemia

### COVID-19

As condicións derivadas da chegada da COVID-19 provocaron un impacto moi importante en moitos e diferentes ámbitos da nosa sociedade. No caso da literatura galega, o impacto parece ser moderado, e enfocado, sobre todo, na organización e asistencia a eventos ao redor das promocións e publicacións, e non tanto nos ritmos ou condicións de traballo dos escritores e escritoras. A cancelación deste tipo de actividades chegou ao 78% das persoas asociadas.


Gráfica 28

Viuse obrigado/a a cancelar algunha actividade relacionada coa súa obra debido á pandemia? (%)



Como é razoable, as tipoloxías de eventos máis suspendidos son as que implican un agrupamento de xente en espazos pequenos e con risco de contacto directo, como as presentacións e a sinatura de libros. Aínda que en moita menor medida, tamén se cancelaron colaboracións coa prensa, ou lecturas públicas, e outros eventos como as Feiras do libro sufriron un impacto intermedio.

Gráfica 29



A pesar da cancelación de eventos, o tempo dedicado ao traballo creativo de produción literaria viuse aumentado. Ata un 29% das autoras e autores aumentaron a cantidade de horas que lle dedicaron á escrita, fronte a un 26% que as viu diminuídas.

Porén, este fenómeno tivo, e ten, un impacto desigual entre os diferentes grupos de idade, sendo máis habitual entre os maiores de 55 anos experimentar un aumento da dedicación; pola contra, os menores de 56 anos viron, en maior medida, as súas horas de dedicación diminuídas. Tamén son destacábeis as diferenzas por xénero, xa que son as mulleres, cunha diferenza significativa respecto aos homes, as que viron o seu tempo de dedicación reducido.

Táboa 6

*Cambios na cantidade de horas dedicadas á produción literaria creativa segundo idade e xénero*

	Aumentaron	Diminuíron	Non mudaron
<i>Home</i>	31,4%	15,7%	52,9%
<i>Muller</i>	25,9%	44,4%	29,6%
<i>35 anos ou menos</i>	66,7%	33,3%	0,0%
<i>36-45 anos</i>	14,3%	28,6%	57,1%
<i>46-55 anos</i>	25,0%	54,2%	20,8%
<i>56-65 anos</i>	40,9%	9,1%	50,0%
<i>Máis de 65 anos</i>	25,0%	6,3%	68,8%
<i>Total</i>	29,1%	26,6%	44,3%



Os procesos de publicación tamén foron afectados polas restricións, aínda que en menor medida que os eventos promocionais (pero en maior que os procesos creativos literarios). Neste caso, a porcentaxe de persoas asociadas que sufriron algún tipo de demora no proceso é do 55%, algo máis da metade dos autores e autoras. Porén, a cancelación de contratos de publicación tivo unha incidencia menor, tan só do 9%. Aínda que se trata dunha cifra relativamente baixa, hai que ter en conta o impacto económico que este feito tivo para as persoas afectadas.

A información obtida a este respecto mediante as entrevistas é que o feito de que a maior parte das e dos creadores non teñan a literatura como fonte principal de ingresos provoca que nun escenario deste tipo non se saiba con certeza como afecta. Para algunhas persoas foi produtivo, xa que aproveitaron para escribir máis, mentres que para outras sucedeu ao contrario, ben por falta de tempo, por bloqueos literarios, etc. Con todo, é obvio que o feito de que os colexios, as bibliotecas e as librarías estivesen pechadas e non se realizasen actividades literarias é un feito prexudicial para a difusión e a visibilidade das obras que se estivesen publicando nesas datas. Así mesmo, tal e como indican as persoas entrevistadas, este feito, sumado a que as editoriais diminuíron as súas publicacións afecta negativamente, dun xeito estrutural, a toda a literatura galega.

Hai un acordo xeneralizado en que a xente nesta época leu máis, pero non teñen a seguridade de que iso afectase á literatura galega, xa que moita xente optou polo formato electrónico, sendo este un punto feble da nosa literatura e das principais editoriais do país.

En canto ao apoio das institucións durante a pandemia, foi, segundo as escritoras e os escritores entrevistados, nulo. Nin por parte da Xunta nin das Deputacións houbo axudas reais e efectivas a este sector durante os meses máis duros do confinamento e as restricións. Isto volve a enlazar con esa situación, xa comentada, de non “profesionalidade” da práctica totalidade das e dos produtores: enténdese, dende as administracións, que a súa dedicación á escrita é unha afección, e que teñen outras profesións, polo que non precisan de axudas en situacións extremas como as vividas.


## Visibilidade e apoio

### Visibilidade social

A maioría dos profesionais da escritura en galego non está satisfeito coa visibilidade que se lle outorga na sociedade, e ata un 91% cre que non é suficiente.

Gráfica 30


A visibilidade social que se lle outorga ás escritoras e escritores en lingua galega é suficiente? (%)



De acordo co visto no apartado referido aos medios de comunicación, son os estatais os que recollen, con moita diferenza, unha opinión máis desfavorable á hora de valorar a promoción que fan dos autores e autoras, chegando ata o 45,7% á porcentaxe de respostas que valoran a súa acción como nula ou inexistente. En segundo lugar, os medios comunicación e a prensa galega recollen unha valoración, aínda que a segunda máis negativa, significativamente máis positiva que os españois, a pesar de que só un 30,9% valoran a súa acción como Regular/Mellorábel ou Bo/Alto. Respecto aos demais ámbitos, a opinión está dividida. Aínda así, o labor máis recoñecido polos autores e autoras lévese a cabo nas aulas, onde o apoio das materias de aprendizaxe do noso idioma parece acadar un bo obxectivo.

Gráfica 31

Valoración da visibilidade outorgada a través das seguintes vías (%)



Afondando nesta cuestión, hai unha opinión consensuada sobre a mellorabilidade da visibilidade e da difusión da literatura galega, tendo en conta a súa escasa presenza nos medios de comunicación. De feito, indícase que a visibilidade fóra do círculo pechado dos xa lectores consumidores de literatura galega é moi escasa. Así mesmo, debería ter unha maior presenza fóra de Galicia (para o que sería importante potenciar a tradución).

Analizando o labor dos distintos medios de comunicación, as escritoras e escritores participantes do estudo indican que na prensa é, practicamente, inexistente, agás nalgún xornal

moi concreto como é caso de *Nós Diario*. Faltan, de forma moi evidente, espazos onde se faga crítica literaria de calidade. Esta situación é aínda máis agravante no caso da televisión galega, xa que carece de espazos dedicados á literatura.

Pola súa parte, considérase que a Federación de Librarías fai un traballo de difusión extraordinario, pero, pola contra, son moitas poucas as librarías do país que lle dan importancia e unha verdadeira difusión ao libro en galego. De feito, criticase que en moitas delas a literatura galega é unha sección máis.

En canto ás editoriais e o seu papel na difusión, considérase, por un lado, que en xeral son pequenos negocios e que se ven, en moitas casos, con demasiados problemas para mellorar o súa labor. Mais, por outro lado, fánelles unha serie de críticas concretas:

- Deberían, especialmente no caso das dúas editoriais máis grandes do país (Xerais e Galaxia), potenciar máis a tradución en ambas direccións.
- Non caer no erro de visibilizar sempre ás mesmas persoas creadoras, nin tampouco os mesmos estilos ou xéneros literarios. Neste senso, tanto a poesía como a literatura infantil e xuvenil precisan de máis difusión e visibilidade.
- Cómpre realizar listaxes actualizadas e proporcionar información sobre a obra en galego que sae cada ano.
- A literatura en galego ten que entrar no mundo dixital. As editoriais contan cun fondo dixital escaso e, en xeral, mal organizado. Esta eiva fíxose notable durante a pandemia, polo que é o impulso que se necesita para acometer esta nova fase.


En definitiva, a visión de que a literatura galega non funciona de forma libre no mercado está estendida, e non se considera que vai a menos, senón todo o contrario. É urxente, polo tanto, romper co teito de vidro que asfixia a literatura galega, especialmente nos medios de comunicación.

#### Apoio institucional

O papel das institucións públicas como elemento de apoio para as tarefas de escritor/a aparenta ser máis ben escaso, a teor da baixa porcentaxe de participantes que din ter recibido algún tipo de apoio económico (19%). Destacar, tamén, que ningún dos escritores ou escritoras enquisados recibiu axuda económica para a totalidade das súas obras publicadas.

Gráfica 32

Nalgún momento contou con subvencións, axudas ou bolsas destinadas á súa faceta como escritor/a? (%)



Se se observan as porcentaxes por xénero literario, vese como os escritores e escritoras de literatura infanto-xuvenil, os de poesía e os de “outros” xéneros son os máis dados a recibir este tipo de subvencións en varias ocasións. Pola contra, os que se dedican aos xéneros académico, teatral, ou/e poético, teñen unha maior probabilidade de non recibir nunca algún tipo de axuda deste tipo.


Táboa 7

Porcentaxe de escritores/as que recibiron algún tipo de apoio económico segundo o xénero no que publica máis habitualmente

	Non, nunca	Si, unha vez	Si, varias veces
<i>Poesía</i>	73,6%	18,9%	7,5%
<i>Narrativa</i>	71,9%	24,6%	3,5%
<i>LIX</i>	66,7%	22,2%	11,1%
<i>Ensaio</i>	70,7%	24,4%	4,9%
<i>Teatro</i>	75,0%	25,0%	0,0%
<i>Académicas</i>	77,4%	19,4%	3,2%
<i>Outros</i>	54,5%	36,4%	9,1%


A razón máis habitual para non recibir axudas ou subvencións e, sinxelamente, o descoñecemento por parte dos solicitantes da súa existencia. Tan só un 17% non as solicitou por que non as precisaba, mentres que tamén é habitual o non cumprimento dos requisitos ou a falta de adaptación ás necesidades persoais. Soamente un 13% fai notar unha inexistencia de bolsas ou axudas, o que podería facer pensar en que a oferta institucional non é tan escasa.

Gráfica 33



As distintas institucións recollen unha valoración ben distinta en canto ao seu labor de soporte e patrocinio da literatura galega. Para analizar estes resultados deben terse en conta a capacidade orzamentaria das distintas administracións, o que pon máis de relevo a mala puntuación que recollen tanto a Xunta de Galicia como o Goberno central do Estado e os seus Ministerios, ata o punto de ser valoradas como *inexistentes* polo 40 e o 52% das persoas enquisadas respectivamente. Pola outra banda destacan os Concellos, pero sobre todo as Deputacións, como as entidades máis valoradas polo conxunto de escritores e escritoras galegas, polo seu desenvolvemento de programas, axudas e subvencións en apoio da literatura en lingua galega. Outras institucións, como a RAG, o Consello da Cultura Galega ou as iniciativas privadas, recollen unha valoración escasa-case nula, aínda que mellor que a Xunta ou o Goberno do Estado.

Gráfica 34



Este punto do estudo acada un consenso claro entre as e os escritores entrevistados: o apoio das diferentes institucións públicas á literatura galega é, cando menos, escaso. Considérase que a literatura é o sector da cultura menos apoiado, nin na produción nin na difusión, divulgación e promoción. Esta falta de apoio impide unha verdadeira profesionalización, polo que o avance nestes 40 anos vese moi afectado.

Principalmente son críticos coa Xunta de Galicia, administración que debería ser a primeira en difundir e apoiar o libro galego, pero que non é así, deixando relegada este labor a dotacións de libros para centros educativos e bibliotecas (dotacións que, ademais, decreceron nos últimos anos).

As Deputacións e os Concellos están máis divididos, xa que dentro destas administracións hai exemplos de apoio á escrita, mentres que outros non realizan ningún tipo de actividade ou labor neste senso.


En resumo, hai unha demanda clara das escritoras e dos escritores ás diferentes institucións: hai que ofrecer axudas reais para a creación literaria, para a persoa creadora (tal e como hai en moitos outros países). Tamén son precisas, ademais, axudas para traducir noutros idiomas e poder exportar a obra do país. Para todo isto é preciso contar cunhas administracións públicas comprometidas coa lingua e coa cultura galega, que realicen un verdadeiro labor de apoio, difusión e visibilidade.

#### Relación das e dos escritores co ensino

Sendo o ámbito escolar a canle á que os autores e autoras outorgan unha maior capacidade de visibilidade, é importante destacar tamén a baixa valoración que fan estes do apoio institucional que recibe. Só un 7% a valora como boa, estando a maioría (56%) de acordo en cualificala como nula ou escasa.

Gráfica 35

Como valora o apoio institucional no ámbito escolar á literatura galega? (%)



Dada a importancia que ten para as e os autores o ámbito escolar cara ao fomento da literatura galega, cabe atender as propostas máis valoradas para fomentar a lectura nas escolas. A proposición preferida polas persoas enquisadas é a de *promover un plan lector entre o alumando para mellorar a visibilidade ao mercado cultura* (a opción que amplía esta proposta cara a valorizar ou promocionar xéneros desasistidos non é tan apoiada), seguida da *creación dunha estratexia pedagóxica que achegue a produción literaria galega ás aulas*. A principal diferenza nestes dous conceptos parece residir no obxecto de promoción, preferindo neste caso que se faga un esforzo en impulsar non só a produción literaria, senón tamén o conxunto que entidades que forman o ámbito literario: editoriais, escritores/as, e tamén librarías. Este feito pode axudar

ao alumnado a desligar a literatura galega do ensino, mostrando que tamén é un mundo existente fóra das aulas.

A proposición na que máis discrepancia existe é na referida a financiación, sendo unha das medidas máis escollidas en primeiro lugar, pero tamén unha porcentaxe notable de persoas colócaa no último. Destacan tamén, por ser as dúas opcións menos escollidas, as propostas que pretenden estender a súa presenza nas aulas máis alá da materia de Lingua e Literatura Galega. Isto pode reforzar a idea de que os autores/as prefiren ampliar a presenza da literatura en galego cara fóra do ámbito escolar, aínda que se utilice este como plataforma de promoción.

Táboa 8

*Orde de prioridade das propostas para fomentar a literatura galega no ámbito escolar*

	1ª	2ª	3ª
<i>Promover un plan lector entre o alumnado -dos diferentes tramos educativos- para dar visibilidade ao mercado cultural (escritoras/es, editoriais, librarías...)</i>	53,1%	28,6%	18,4%
<i>Desenvolver unha estratexia pedagóxica que achegue o conxunto da produción literaria galega nas diferentes etapas educativas</i>	48,4%	28,1%	23,4%
<i>Establecer unhas pautas de financiamento para os profesionais da creación -encontros con alumnado, recitados, charlas...- que poidan ser cubertas pola administración educativa a cargo de partidas específicas destinadas para o efecto</i>	42,3%	19,2%	38,5%
<i>Fomentar o amparo á creación literaria en lingua galega a través do sector das persoas máis novas da sociedade</i>	38,5%	25,6%	35,9%
<i>Promover un plan lector entre o alumnado -dos diferentes tramos educativos- para dar visibilidade ao mercado cultural (escritoras/es, editoriais, librarías...) e valorizando a promoción dos xéneros máis desasistidos (poético, dramático, ensaio...)</i>	37,9%	30,3%	31,8%
<i>Impulsar un frecuente e periódico encontro escolar con variados/as creadores/as literarios/as, alén de que estean a producir unha novidade editorial</i>	34,6%	23,1%	42,3%
<i>Estender a creación literaria en galego (tanto producións propias como traducións) ao conxunto da comunidade escolar, de xeito que se amplíe o ámbito de incidencia máis alá da materia de Lingua e Literatura, como poden ser as disciplinas</i>	33,3%	24,2%	42,4%

A parte cualitativa desde estudo afondou nas opinións que as e os escritores teñen da visibilidade e da difusión da literatura galega no ensino. Tendo en conta que moitos deles están en relación directa con este ámbito, poden achegar información de primeira man.

Hai un consenso xeneralizado no feito de que o alumnado abandona, en gran medida, o hábito da lectura arredor de 4ª de primaria. Algúns retoman a lectura anos máis tarde, pero moitos deles xa non conseguen “reengancharse”. Isto é así para a literatura en xeral, mais indícase que é máis evidente no caso da literatura en galego. Varios factores contribúen a esta tendencia:

- A lingua galega non é a que soen empregar na meirande parte dos casos e, moitas veces, tampouco se potencia por parte do profesorado. Como tampouco é unha lingua

presenta nos medios de comunicación, nas redes, etc. vaise convertendo nun idioma alleo a eles ou aos seus gustos.

- Hai un exceso de literatura didáctica e obrigada e descóidase a calidade e o fomento da lectura como pracer. Non se potencia ben a nova literatura.
- A elección das obras a ler cada ano faise, en moitas ocasións, dirixida polo que ofrecen/venden as editoriais, e non en base a criterios de calidade, gustos das e dos rapaces, etc.

Pola contra, tamén se recolle que nos centros que hai profesorado comprometido coa lingua e a lectura, recóllense uns grandes resultados. De feito, os programas das bibliotecas escolares (PLAMBE) son un exemplo disto, mais precisan de coordinadores e dinamizadores a tempo completo, para que non sexa unha iniciativa que dependa da boa vontade do corpo docente.

As escritoras e os escritores consideran que hai unha serie de cuestións indispensables para fomentar a difusión da literatura galega no ensino. Entre elas destacan as seguintes:

- É perentorio o apoio institucional para crear literatura lúdica de calidade para nenas, nenos e adolescentes.
- A Consellería de Educación debería artellar un programa de visitas de escritoras e escritores aos centros (sobre todo de moitas e moitos que son próximos á mocidade polos temas que tratan, a súa idade, etc.). Este tipo de iniciativas non debe quedar á consideración de cada centro escolar.
- Realizar listaxes anuais das obras en galego que se van publicando.
- Fomentar a creación e a dinamización dos clubs de lectura.
- Creación e/ou inclusión de espazos e programas en galego dirixidos ás nenas, aos nenos e á mocidade nos medios de comunicación públicos.
- Implicación dos Concellos para organizar actividades a prol da literatura galega.
- Realizar, dende os centros escolares, unha boa escolla dos libros que se ofrecen ao alumnado para ler cada curso.
- Abordar, dentro das propias facultades de Maxisterio, a literatura, e en concreto a galega, como un complemento didáctico.

## Percepcións e valoracións


### O Día Das Letras Galegas

O Día Das Letras Galegas homenaxea, cada 17 de maio, a un persoeiro e a súa traxectoria tanto pola defensa da lingua galega como pola súa creación literaria neste idioma. A pesar de ser un dos días máis representativos da comunidade galega, ata un 68% dos escritores e escritoras non está de acordo co modelo actual. Este rexeitamento é máis habitual entre as persoas de mediana idade (no tramo dos 46 aos 65 anos), mentres que entre as de máis idade (+65) a resposta negativa, aínda que segue a ser maioritaria, é en menor proporción.



Gráfica 36


Concorda coa forma actual de organización do Día das Letras Galegas? (%)



Respecto á elección de candidaturas para a súa homenaxe, entre as dúas opcións que contempla o cuestionario, a máis escollida é a apertura do proceso de selección a institucións e colectivos, tanto culturais como sociais e educativas, para que participen neste. A votación telemática recolle un 12% menos das mencións, aínda que é unha porcentaxe do total (32%) notable. Parece, pois, popular esta corrente de pensamento que avoga por unha maior apertura do proceso de elección de candidatos e candidatas. Por último, entre as respostas a *Outras formas*, é notábel a cantidade de persoas que pide o abandono da cláusula de limitación temporal sobre a morte do ou da homenaxeada, para tamén poder dedicar o día a autores/as vivos/as.


Gráfica 37

Trocós na elección de candidaturas ao Día das Letras Galegas (%)



No que respecta á organización do evento en si mesmo, o consenso é aínda maior, e a maioría das e dos escritores avogan por facer un maior labor de promoción do sistema literario galego no seu conxunto, incluíndo tanto a autores e autoras como a librarías e editoriais. Tamén atopamos un alto grado de consenso en canto a abrir a participación a outras institucións, como as culturais, sociais ou educativas, co obxectivo de producir eventos máis dinámicos e participativos. Entre as propostas non contempladas no cuestionario, destaca a proposición de convertelo en día lectivo e laborable, para así poder facer unha promoción adecuada das librarías e da lectura nas aulas en na rúa.

Gráfica 38



Entre estes datos e os resultantes das entrevistas, resulta evidente que o Día das Letras Galegas, con todo o que implica, é unha cuestión que suscita debate. En xeral, a opinión é que a organización deste día ten que mudar, que precisa novos enfoques e axustarse máis ó presente. Trátase dunha data que a maioría das escritoras e dos escritores queren manter, pero revisando e mudando certas premisas que consideran obsoletas e non beneficiosas para o futuro da literatura galega.

En primeiro lugar, non se valora de forma positiva que as persoas homenaxeadas teñan que levar, polo menos, 10 anos falecidas. Neste punto, hai certa división entre quen quere abrir o Día a persoas tanto falecidas como vivas, e quen quere mantelo para persoas falecidas pero sen a condición da temporalidade. De feito, unha corrente estendida é a de poder celebrar dous días: un na que se homenaxee e se recupere a obra dunha ou dun escritor falecido (sen necesidade de acoutar o tempo que leve finado), e outro dedicado a unha figura viva, cunha traxectoria avalada e recoñecida. Este achegamento á realidade permitiría, manteñen as e os escritores, unha maior proximidade á comunidade lectora, sobre todo ás xeracións máis novas.

En segundo lugar, e en consonancia cos datos, é necesario que haxa unha representatividade máis equitativa, especialmente no que respecta á cuestións de sexo, pero tamén en relación cos diferentes xéneros literarios (a literatura infantil e xuvenil ou o teatro veñen tendo moi pouca visibilidade neste día).

Por último, tamén existe un amplo consenso sobre a inoportunidade de que o Día das Letras Galegas sexa festivo, xa que isto implica que non se fagan actividades en librarías, concellos, etc., quedando todo moi relegado ao traballo que se fai dende os centros educativos. Mantense que debería ser un día no que se potenciase a lectura e a compra do libro en galego, e para iso non pode ser un día non lectivo.


#### O Panteón de Galegos Ilustres

A situación actual do Panteón de Galegos Ilustres parece un tema cunha alta división de opinións. As porcentaxes de escritores e escritoras que están de acordo coa situación na que se

encontra (no convento de Santo Domingo de Bonaval) e os que non o están son moi semellantes, e é notábel que un de cada cinco (20%) non teña unha opinión formada ao respecto.

Gráfica 39

Parécelle adecuada a situación en que se encontra o Panteón de Galegos Ilustres? (%)




Entre os casos que opinan que un cambio é necesario, a maioría das voces reclaman que este espazo sexa laico, público e aberto, salientando a necesidade de desvinculalo da institución relixiosa. Estas opinións foron tamén contrastadas a partir das entrevistas, resultando que ningunha voz foi discordante ao respecto.

A gratuidade do acceso, aínda que tamén citado, é o aspecto que menos prioridade ten para as escritoras e escritores. Outras propostas avogan por un mellor mantemento das instalacións actuais, así como tamén a realización de actividades e dinámicas que doten dunha maior visibilidade a este espazo, como utilizalo para as entregas de premios ou para actividades educativas.

Gráfica 40

Trocos que sería necesario incorporar ao Panteón de Galegos Ilustres (%)




#### As Feiras do libro en Galicia

Máis da metade das persoas dedicadas á escrita en Galicia non aproban a forma na que se están a realizar as Feiras do libro ao longo do territorio galego. Soamente unha de cada catro persoas (26%) están de acordo co modelo actual.

Gráfica 41

Está conforme co modelo actual das Feiras do libro en Galicia? (%)



As críticas e suxestións máis repetidas xiran arredor da difusión, da presenza da literatura galega, e das actividades realizadas (en orde ascendente de mencións). En primeiro lugar, moitas das respostas reclaman un maior labor de publicidade e de promoción, tanto dos eventos en si mesmos como dos autores e editoriais participantes. Segundo, existe unha demanda significativa dunha maior participación da literatura galega, tanto de autores/as, como de librarías e editoriais. Pero, sen dúbida, a crítica máis habitual vai dirixida ás actividades que se levan a cabo durante as Feiras, tanto en número como na tipoloxía. Este aspecto está moi relacionado coa motivación á participación, estando bastante estendida a idea de que as actividades que se realizan na actualidade (firmas de libros e casetas) non axudan a atraer ao público xeral. Para iso, os autores e autoras propoñen realizar actividades máis dinámicas e lúdicas, coa intención de modernizar e actualizar o concepto actual para conseguir facer as Feiras do libro máis atractivas non só aos lectores, senón tamén aos non lectores. Porén, non hai propostas concretas nin definidas, destacando soamente a necesidade de melloralas para aumentar a atracción das Feiras.

Esta sensación de antigüidade e atraso no formato queda patente na opinión que ofrecen sobre o estado actual das Feiras do Libro. É maioritaria a visión destes eventos como algo monolítico, anticuado e incapaz de recoller as inquedanzas tanto dos autores e autoras, como do público lector ou mesmo das librarías. Adxectivos como “triste”, “aburridas” ou “en decadencia” son un bo reflexo do estado da opinión entre os profesionais da escrita. Unha parte importante define estes eventos como unha oportunidade desaproveitada, en lugar dun acontecemento adecuado á promoción da súa produción literaria.

Atendendo aos resultados obtidos da análise das entrevistas, reflíctese que as e os escritores consideran que as actuais Feiras son precarias, e que cómpre melloralas e adaptalas aos novos tempos. Isto tamén implica ás Feiras internacionais, eido no que habería moito que mellorar a xuízo dos creadores.

Ademais, as Feiras do libro en galego existentes deberían ser espazos para promocionar, evidentemente, o libro en galego, e non son eventos nos que debería ter cabida a literatura noutras linguas, tal e como sucede en moitas ocasións.

## Reflexións e conclusións acerca do sector

Como xa se concluíu na anterior publicación, a situación profesional e económica do sector está marcada por un baixo nivel de remuneración e unha baixa especialización, o que deixa un cadro xeral de precariedade e dificultades para o desenvolvemento da profesión.

Aínda que a meirande parte das asociadas e asociados contan cunha traxectoria dilatada, a dedicación exclusiva é moi pouco frecuente, e aínda menos o é a existencia dunha remuneración que a permita. Con isto, a imaxe que queda é a dun sector que segue parecendo vocacional, xa que quedou reflectido que os beneficios económicos, cando menos, non son suficientes para poder equipararse a un traballo remunerado digno. Incluso ao labor de tradución, que moitas veces aparece ligado á creación literaria, ten unha incidencia moi baixa entre as escritoras e escritores galegos. A venda de dereitos á tradución tampouco parece un recurso suficientemente estendido para poder complementar os ingresos de publicación, ademais de limitarse, sobre todo, ao conxunto de autores e autoras cunha carreira máis dilatada, o que indica unha difícil perspectiva para os escritores noveis.

A pesar desta situación económica, a produción literaria en galego semella ter un bo ritmo, con un nivel de produción medio relativamente alto. A calidade da literatura, en opinión das escritoras e dos escritores, é boa e vai mellorando, tal e como se pode ver en comparación con outras literaturas, como a catalá ou a vasca. Este alto nivel vén avalado, ademais, polos premios estatais que recibe. Neste senso, estamos ante unha literatura de calidade comprobada e demostrada.

Ademais, a nivel de creación o panorama é moi diverso. En concreto, o sector da narrativa xuvenil érguese como un dos máis prolíferos, sendo o primeiro en publicacións medias por autor, aínda sen chegar a ser o xénero máis popular entre os profesionais galegos.

Así, o sector literario en galego móstrase necesitado dun labor de promoción e visibilidade que permita chegar a unha maior parte da poboación xeral. É dicir, a difusión non está indo a menos, pero tampouco a máis. Hai unha situación de acomodación, sen cambios e con poucas novidades. Falta, polo tanto, chegar ao gran público, e para iso, para mudar esta sensación estática da literatura galega, son precisas varias cuestións, como por exemplo, grandes campañas de promoción.

Porén, unha das principais conclusións ás que se pode chegar analizando todas as cuestións relativas a visibilidade e ao apoio institucional é a existencia dunha insatisfacción xeneralizada. O respaldo que aportan tanto as institucións públicas como os medios de comunicación, tan necesarios na difusión cara ao público xeral, parece escaso e de pouco proveito, e soamente o sector escolar semella ter unha mellor, aínda que mellorábel, imaxe entre as escritoras e os escritores. Con todo, se ben no marco do sistema educativo é onde máis difusión e venda hai, esta está moi marcada polas estratexias editoriais, que non sempre seguen criterios de calidade literaria.

Como proposta para unha mellora da presenza e da difusión nas aulas, a preferencia parece clara, sendo necesaria a organización dun plan lector que achegue a poboación ao mercado

cultural galego, non só limitándose a publicacións e autores, senón tamén a rede de librarías e editoriais, e estender a presenza do libro en galego máis alá do ámbito formativo.

O impacto da pandemia de COVID-19 chegou tamén ao sector literario durante o ano 2020. Aínda que o ritmo de publicación non se viu reducido nunha proporción demasiado destacable, a cancelación de eventos de promoción foi habitual, o que leva a pensar nun impacto económico relevante para os e as asociadas a pesar de que as cifras de impresión non se resentiron de forma tan notable. Cabe destacar aquí as diferenzas observadas nos cambios de tempos de dedicación a tarefa creativa durante a pandemia, cunhas porcentaxes moi desiguais entre idades e xénero. A redución máis notable viuse entre as mulleres e entre as idades de 36 a 55 anos, o que reflicte as dificultades de conciliación e de compaxinación ás que se enfrontan as persoas que tentan dedicarse á escrita en idades nas que as responsabilidades laborais e familiares adoitan ocupar máis tempo. É destacábel, tamén, o aparente baixo impacto da pandemia na publicación en liña de contidos en galego, o que pode indicar, por unha parte, unha deficiente adaptación das editoriais en galego ao mundo dixital, ou, por outra banda, un reflexo da baixa demanda de materiais deste tipo.

Por último, neste estudo tratouse de tomar o pulso sobre a situación de varias actividades directamente relacionadas coa literatura galega: o Día das Letras Galegas, o Panteón de Galegos Ilustres, e as Feiras do Libro en Galicia. Aínda que con matices, aparece unha liña xeral de opinión que entrelaza estes tres elementos: a necesidade dunha maior apertura e achegamento á poboación.

No caso do Día das Letras Galegas, onde a insatisfacción co modelo actual de realización é maioritario, isto vén reflectido na proposición de incluír distintos colectivos da sociedade galega na escollo de persoeiros homenaxeados, así como a necesidade de aproveitar mellor as potencialidades deste día como unha xornada de promoción e visibilidade do sistema literario galego, pondo o día de Sant Jordi en Cataluña como exemplo. Ademais, resulta urxente revisar e mudar moitas das premisas nas que se sustenta esta data, como o feito de que as persoas homenaxeadas deban levar anos falecidas, ou a escasa presenza de mulleres protagonistas.

Respecto ao Panteón de Galegos Ilustres, as opinións están bastante estandarizadas. Así, entre os non conformes coa situación actual cóincítese na necesidade de que debería ser un lugar desvinculado da fe relixiosa e de titularidade pública, alén dunha maior facilidade de acceso ao público xeral.

Por último, a organización das Feiras do Libro en Galicia semella ter a necesidade dunha renovación de modelo, caduco e pouco aproveitado para moitas das escritoras e escritores en galego. Avógase por unha maior variedade de actividades, co fin de promocionar o sector literario no seu conxunto e de atraer non só a poboación lectora, senón tamén o público non lector co fin de ampliar a pegada da produción literaria en galego.

Finalmente, a imaxe que ofrece este estudo é a dun sector que, a pesar de estar nunha boa situación de produción e de calidade, ten unhas grandes deficiencias en canto ao apoio institucional e visibilidade, necesarias para poder outorgar unha independencia económica suficiente aos escritores e escritoras galegas. Alén das reclamacións destinadas ás varias institucións vencelladas á literatura, dende o propio sector achéganse propostas arredor do

mundo das letras galegas, todas co obxectivo de abrir a literatura en galego á maior cantidade de público posíbel, que cumpriría ter en conta.

## Ficha técnica

Enquisa

### UNIVERSO

Escritoras e escritores en lingua galega asociados á AELG. Estímase un tamaño do universo de 470 persoas.

### TAMAÑO DA MOSTRA

A mostra final está conformada por 141 persoas. Entrevistouse, pois, ao 30% do universo.

### ERRO DE MOSTRAXE

Para un nivel de confianza do 95% e un suposto de  $p=q=50\%$ , o erro para os datos totais da mostra estímase no 8%.

### RECOLLIDA DA INFORMACIÓN

Cuestionario *online* enviado a través de correo electrónico.

### TRABALLO DE CAMPO

O traballo de campo foi realizado entre o 5 de novembro e o 5 de decembro de 2021.

### Entrevistas en profundidade

### NÚMERO DE ENTREVISTAS

Dezanove entrevistas en profundidade.

### PERFIL DAS PERSOAS INFORMANTES

Buscáronse perfís diferenciados en función das distintas características (idade, xénero, xénero literario principal, etc.), para obter unha visión de conxunto.

### RECOLLIDA DA INFORMACIÓN

Entrevista telefónica con guiión semiestruturado.

### TRABALLO DE CAMPO



O traballo de campo foi realizado entre o 25 de novembro e o 20 de decembro de 2021.